

1.ª avaliación: Sintaxe

Unidade 2: A oración. Modalidade oracional (páxs. 36-37)

1. A oración. SUXEITO e PREDICADO (substituír este punto da páxina 36)

A oración é un tipo de enunciado que ten un ou máis verbos.

Nunha oración o único elemento obrigatorio é o verbo, núcleo do PREDICADO, máis tamén adoitan aparecer o SUXEITO e OS COMPLEMENTOS:

A aviadora Elisa Patiño rompeu os moldes da muller tradicional.

SUXEITO

PREDICADO

COMPLEMENTOS

Nesta unidade centrarémonos nada máis ca no suxeito e no predicado.

· O suxeito é o grupo de palabras que nomea a persoa, a cousa e o animal de quen dicimos algo na oración. A palabra máis importante do suxeito é o núcleo, que adoita ser un substantivo ou un pronome. Polo tanto, o suxeito está conformado por unha frase substantiva ou unha frase nominal.

<p><u>Frase substantiva</u></p> <p>Composta por un NÚCLEO, único elemento obrigatorio, e por un MODIFICADOR, elemento optativo: <i>casa</i> ou <i>casa grande</i>.</p>	<p><u>Frase nominal</u></p> <p>Formada por dous constituíntes necesarios: DETERMINANTE e NOMINAL. O determinante desempeña, obviamente, un determinante e o nominal vén desempeñado por unha frase substantiva: <i>a casa</i>; <i>a casa grande</i>.</p>

· O PREDICADO é a palabra que expresa a acción, o estado ou proceso do SUXEITO, isto é, o verbo conxugado (ou forma verbal).

- 2. Concordancia entre o SUXEITO e o verbo
- 3. Modalidade do enunciado
- 4. Clases de oracións segundo o enunciado

} Ver polo libro (páxs. 36-37)

Unidade 3: O SUXEITO. Oracións impersoais (páxs. 56-57)

1. O SUXEITO

O SUXEITO dunha oración adoita ser unha frase substantiva ou unha frase nominal e concorda co verbo en número e persoa.

Para identificar o suxeito dunha oración pódese aplicar a seguinte proba:

- Cambiar de número a forma verbal e observar as palabras que varían de número (de singular a plural ou viceversa): *O ciclón provocou unha apagada.* > *Os ciclóns provocaron unha apagada.*

2. A estrutura do SUXEITO

Habitualmente, a estrutura do SUXEITO é a propia ben dunha frase substantiva, ben dunha frase nominal; polo tanto:

Frase substantiva	NÚCLEO	Adoita ser un substantivo ou unha palabra equivalente, como, por exemplo, un pronome ou un infinitivo.	<u>Brais</u> come moito. <u>Ela</u> ten cartos. <u>Correr</u> é saudable.
	(MODIFICADOR)	É un elemento optativo e adoita ser unha frase adxectiva (normalmente un adxectivo cualificativo) ou unha frase preposicional.	Froita <u>fresca</u> . O fume <u>dos coches</u> é contaminante.
Frase nominal	DETERMINANTE	Esta función pode desempeñala calquera determinante (artigo, demostrativo...).	<u>A</u> nena. <u>Aquel</u> traballo.
	NOMINAL	Función desempeñada por unha frase substantiva, habitualmente.	<u>A nena</u> . <u>Aquel traballo</u> .

3. A posición do SUXEITO.
4. Clases de SUXEITO.
5. A omisión do SUXEITO.
6. Oracións impersoais.
- Ver polo libro
(páxs. 56-57)

Unidade 4: O PREDICADO (páxs. 76-77)

1. Estrutura do PREDICADO

Como vimos na unidade 2, o PREDICADO é o verbo conxugado (ou forma verbal) que expresa a acción, o estado ou proceso do SUXEITO: *Xan viu esa película.*

2. Clases de predicados

Atendendo á natureza do verbo, pódense distinguir dúas clases de predicados: o PREDICADO VERBAL e o PREDICADO NOMINAL.

- O PREDICADO VERBAL (PV) expresa unha acción ou un proceso que afecta ao SUXEITO; constitúeo un verbo predicativo (isto é, calquera que non sexa *ser*, *estar* nin *parecer*): *Este ano [SUX] pasaremos [PV] o Nadal na aldea [COMPLEMENTOS].*
- O PREDICADO NOMINAL (PN) expresa unha calidade ou un estado que se di do SUXEITO; constitúeo un verbo copulativo ou atributivo (*ser*, *estar* ou *parecer*) que serve de enlace entre o SUXEITO e esa calidade ou estado. As palabras que nomean a calidade ou o estado do suxeito constitúen o ATRIBUTO, complemento imprescindible para que a oración teña sentido (ademais, poden aparecer outros complementos): *A tía de Paulo [SUX] é [PN] profesora [ATRIBUTO].*

Tendo en conta o tipo de predicado, existen dúas clases de oracións (que se estudarán noutra unidade):

- Predicativas, que son as que teñen predicado verbal.
- Copulativas ou atributivas, que son as que teñen predicado nominal.

3. O núcleo verbal complexo. As perífrases verbais → Ver polo libro (páx. 77)